

1 PREPARACIÓN DO TERREO

- Subsolado mecanizado
- Aburinado mecanizado
- Aburinado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Marco da plantación:** distancia entre plantas de 5 metros entre liñas e 5 metros entre plantas, ata 6 m × 6 m. Pé de 2 a 3 zumes sempre procedentes de mellora xenética.

3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de marras.
- Rozas anuais durante os 5 primeiros anos por trituración ou grao superficial, posteriormente cada 2 anos.
- A compatibilización con gando reduciría necesidades de roza.
- Rega durante os tres primeiros veráns, completando dose de 200 litros/planta.



MODELO SILVÍCOLA PFMV

ESPECIE: *Juglans regia*, *Juglans nigra*, nogueira híbrida, *Prunus avium*, *Fraxinus excelsior*, *Acer pseudoplatanus*, *Quercus rubra*, en forma de plantacións puras ou mesturadas

OBXECTIVO: produción de madeira apta para chapa plana e desenrolo

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais. Alternativa produtiva en terreos agrícolas en abandono, tras o seu paso polo banco de terras. Orientado á produción de madeira de alta calidade con necesidade de xestión intensiva. Compatible con pastoreo ou cultivo agrícola durante os cinco primeiros anos



Máis información do modelo

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** podas de formación da copa cada 2 anos aos 2, 4 e 6 anos. Despois, deberase podar cando a árbore teña un diámetro normal de 8 cm, levantando a poda ata 5,5-6 m en 2-3 intervencións.
- **Desmestas:** unha única intervención para deixar a densidade definitiva.
- **Rareas:** non necesarias.

5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** quendas de 40-60 anos.
- **Métodos de corta:** corta a feito seguida de repoboación.